REVISTA (ISSN 1887-2859)

nº 08 (2012).-REIGOSA, Antonio: Lingua, literatura, o traxe novo do emperador e o espello retrovisor de Mcluhan

©Antonio Reigosa Carreiras Artigo publicado orixinalmente en (Redelibros, febreiro de 2010) . O visible e o invisible, o que se ve, o que non se ve e o que non se quere ver. Disto, aínda que non o pareza, vai esta reflexión arredor de percepcións subxectivas e de manipulacións obxectivas sobre a lingua e a literatura galegas. É memoria que naqueles pasatempos dos nosos avós chamados fías ou seráns sempre había alguén que apagaba o candil para que comezasen os paos. Paos a cegas, xenerosos, dispensados a granel, aproveitando o anonimato e o escuro. O divertido polo visto era repartir os fungueirazos aínda que no transcurso da brincadeira se lle baixase ao chan unha orella ou un ollo ao compañeiro da alma. Nestas leas, como en case todo na vida, había dous bandos: o dos que gozaban arreando estopa e que, previsora e intencionadamente, xa acudiran armados, e os que inocentemente asistían ao baile por rexoubar pero que sempre acababan sendo as vítimas, levándoas no lombo ou, no mellorciño dos supostos, tendo que fuxir do reparto indiscriminado dos mocazos. Superados, seica, aqueles tempos bárbaros, agora os trancazos vístense de ineludibles encargos ou mandados que disque facemos os que eliximos e mercamos (os consumidores), pois, ao que parece, decidimos sen decatarnos bastante máis do que somos capaces de sospeitar que decidimos. Polo visto, isto sucede cando votamos ou cando consumimos prensa, radio, TV ou internet. E como consecuencia destas opinións que vimos expresando inconscientemente, e que se interpretan a comenencia (O que pide a xente), cada día vannos concedendo máis peticións. E os que só iamos á fía coa intención de gozar da troula e da festa, amencemos

moitos días magoados, mancados polo tranco anónimo, espido, camuflado. A noite medra e faise máis longa, máis fría, coma de pedra, Algúns deses días amencemos enredados, un supoñer, na lectura dun artigo asinado por un alguén (escritores, filósofos, artistas, politólogos, futbolistas ou calquera outra caste de pensadores) avalado polo prestixio de seren estes autores que defenden convencidos o contrario do que fan. Por exemplo, que quen asine sexa un "recoñecido" defensor da presencia social do galego non o obriga a usalo, sobre todo se o produto das súas reflexións está convenientemente remunerado e vai destinado a unhas follas (de papel ou virtuais) pensadas para o consumo exclusivo de galegos e galegas. Véxanse, non quero aquí sospeitas nin malas conciencias, programas de festas patronais, revistas de consumo gremial ou suplementos de xornais formalmente recoñecidos como serios. Non é intención deste artigo agoirar desgrazas pero se calquera día amencésemos coa publicación no Diario Oficial dunha lei que decretase a redución a cinsas de toda a historia dunha lingua ou mermase gravemente a súa presenza nos programas de ensino, só o poderiamos dixerir se nos convencen de que é a consecuencia dunha petición expresa da maioría do pobo, que sempre é quen decide, por suposto. O candil, aínda que se apague dun trancazo, sempre volve a alumar. Hai propietarios e responsables de moitos medios de comunicación, e tamén moitos gobernantes soprando a minguada torcida (O medio é a masaxe) que nos ilumina. Faise a noite e ninguén sabe que parte do corpo, da historia ou da propia cultura vai quedar mutilada para sempre trala malleira. Sempre e cando amenza, claro está. E se alborexa cando se faga a luz da mañá o día presentarase escuro, neboento e frío, moi visitado de feros corvos vagamundos. Todos lembraredes seguramente aquel conto de feitío tradicional que fala do humilde cidadán que devecía por vestir modelos exclusivos de determinadas marcas de renome pero que case nunca o conseguía. Como podedes imaxinar, o cidadán aquel consumíase, desesperábase e gastaba as horas da vida indo e vindo entre as consultas do psiquiatras e as citas nas clínicas de tratamentos antidepresivos alternativos. Cando se recuperaba un algo destes estados trataba de conseguir algún paxel daqueles que tanto desexaba, mais case sempre se lle adiantaba algún veciño ou parente envexoso e, como consecuencia, recaía. Unha vez fórono visitar dous representantes dos servizos secretos e dixéronlle que os mandaba o presidente, pois sendo coñecedor da súa desgraza non só o compadecía senón que poñía ao seu dispor o mellor xastre do país para que lle cosese un traxe único, nunca antes visto. Ademais, dixéronlle os recadeiros que a tea coa que llo ían confeccionar tiña a particularidade de ser invisible aos ollos de todos os seus inimigos e dos que o envexaban inxustamente. Para todos os demais, insistiron unha e outra vez aqueles portavoces, convertiríase no home máis admirado que existira endexamais cando se vestise con aquel traxe. O cidadán aquel púxose moi contento, arrebolou a caixa de antidepresivos ao lixo, deixou que lle tomasen as medidas para confeccionarlle aquel traxe especial, único, visible e invisible, segundo quen o mirase. Nas horas eternas de espera para que o xastre rematase o traballo pensaba que merecera a pena tanto sufrimento, que por fin dera coa maneira de descubrir, e de paso delatar, aos que tantas amarguras lle causaran, e tamén pensaba que a vida aínda chegaba a tempo para recompensalo. O día que o xastre rematou a faena, o presidente organizou unha gran festa para presentar en sociedade a aquel home vestido cun traxe diferente, único, exclusivo. Os que o envexaban xa de vello vírono, efectivamente, espido, mais tamén o viron

en coiros os que nunca antes repararan nel. Vírono todos, e todos o viron espido. Só o presidente alababa o novo traxe, porque só el sabía que aquel cidadán vestía un traxe imaxinario. O cidadán aquel, en cambio, non sabía que pensar; podería ser que a única persoa que non o envexaba fose o presidente, ou, tamén podería ser que lograra tan alto grado de excelencia que todos os demais se volvesen irremediablemente cobizosos da súa sorte. Non sabía o que pasaba, pero era feliz e pouco ou nada lle importaban os demais. Tamén podería ser certo, como afirma Mcluhan, que ver o futuro con ollos e conceptos do pasado non resultase esperanzador, nin nos permitiría ser libres para inventar, para crear e imaxinar un futuro. Podería ser, como el afirma, que esteamos condicionados cando vemos no espello retrovisor do noso presente a imaxe que reflicten os tempos do candil ao tempo que circulamos a toda velocidade nun automóbil pola autovía que supostamente nos leva a un mañá. Mais, se cadra, nin a autovía que nos permite viaxar tan rápido, nin a imaxe que a nosa memoria nos revela, nin siquera ese espello retrovisor teñen ningunha resposta. Reparade no automóvil, na tecnoloxía que nos escraviza, non por ser tecnoloxía senón por ser o instrumento de quen nos controla con ela. Ademais, o automóbil pode que estea fabricado coa tea invisible da soberbia. Pode, non o sei, pero, entón, a lingua e todo o que se crea coa arxila das palabras, que vén sendo? Autovía, automóbil, traxe, espello, memoria, futuro…? Pode selo todo se nos decatamos de que quen mata o candil, mata a luz e fai invisible a arma e a quen nos asasina. Mais non é nada se fuximos sen reparar no pao que nos manca.